



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, sendo Martes 7 de xullo de 2020, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: Decreto Aprobación de Proceso Selectivo Deserto. Proceso de Selección persoal laboral temporal - Socorrista - 2 meses - Fomento do Emprego [Xunta de Galicia].

EXPEDIENTE TEDEC: 2020/G003/000140 (Decreto).

EXPEDIENTE TEDEC: 2020/E001/000004 (Emprego).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Vistas as bases xerais que rexen a convocatoria do concurso – oposición para a contratación laboral temporal de un socorrista ó abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades para o exercicio 2020 cofinanciado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 86/2020, de 4 de xuño de 2020.

Vista a tramitación do expediente do proceso selectivo para a contratación laboral temporal de un socorrista ó abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades para o exercicio 2020 cofinanciado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, efectuada a través do Decreto de Alcaldía nº 114/2020, de 26 de xuño de 2020 e do Decreto de Alcaldía nº 115/2020, de 30 de xuño de 2020.

Vista o decreto n.º 126/2020 de 3 de Xullo de 2020 “Decreto de candidatos aprobados e requerimento de documentación”,

Visto que o aspirante proposto presenta unha renuncia expresa con data 6 de Xullo de 2020,

Dacordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local

Segundo: Aprobar que o proceso selectivo queda deserto pola renuncia presentada por José Antonio Varela Castro con DNI 79330727 R.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)
1/2



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Terceiro: Solicitar á Oficina de Emprego de Melide a ampliación da oferta de emprego 12-2020-4315 para que nos envíen novos candidatos para o proceso selectivo.

Cuarto: Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vilasantar para coñecemento xeral, a efectos de notificación, conforme ó disposto polo artigo 45 da Lei 39/2015.

Quinto: Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asínao a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario - Interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.